



CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA O APOIO Á CONSOLIDACIÓN DE EMPRESAS DO MUNICIPIO DA CORUÑA, (REF 602018003) EXERCICIO 2018

I. OBXECTO, FINALIDADE E NORMATIVA APLICABLE Á CONVOCATORIA

Base 1.- Obxecto

De conformidade coas competencias atribuídas a este Concello polo art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local e en aplicación do art. 23 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como as normas de carácter regulamentario que a desenvolven (R.D. 887/2006), convócanse subvencións para fomentar e apoiar a consolidación das empresas no municipio da Coruña no ano 2018.

Base 2.- Finalidade

A finalidade desta convocatoria de subvencións é fomentar a consolidación das empresas do municipio da Coruña o que contribuirá á dinamización e fortalecemento do noso tecido produtivo e polo tanto xeración de emprego na contorna local.

Base 3.- Réxime xurídico

3.1. A presente convocatoria rexerese integramente polas presentes Bases, pola Ordenanza xeral de subvencións da área de benestar do Excmo. Concello da Coruña (BOP nº 40 do 19/02/2005 <http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2005/02/19/1824-0.htm>) e pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e os Regulamentos que as desenvolven e demais normas concordantes e de pertinente aplicación.

Así mesmo, na tramitación do gasto derivado desta convocatoria específica terase en conta o establecido no Orzamento municipal do exercicio 2018 e nas súas Bases de execución.

3.2. As bases estarán a disposición dos interesados na páxina web do Boletín Oficial da Provincia da Coruña: <http://bop.dicoruna.es/bopportal/>, na Base de Datos Nacional de Subvenciones: <http://www.infosubvenciones.es>, e na dirección web: <http://www.coruna.gal/papagaio/es/recursos>



II. CRÉDITO ORZAMENTARIO

Base 4.- Crédito orzamentario

4.1. O importe global das subvencións obxecto desta convocatoria específica é de OITENTA MIL euros (80.000,00 €), gasto imputable á aplicación orzamentaria 60.433.47000 (Transferencias ctes. a empresas privadas para fomento do emprego) do orzamento municipal do exercicio en vigor.

4.2. Este crédito orzamentario é o límite do importe das subvencións que se poidan conceder.

4.3. De conformidade co disposto no artigo 58.2 do Regulamento Xeral de Subvencións, no caso de que este crédito se incremente como consecuencia dunha modificación orzamentaria derivada de non consumir o crédito de convocatorias anteriores dos mesmos créditos ou por terse incrementado o seu crédito como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, esta contía adicional poderá aplicarse á concesión de subvencións sen necesidade dunha nova convocatoria.

A efectividade da contía adicional queda condicionada á declaración da dispoñibilidade de crédito.

Base 5.- Límite máximo da subvención para cada entidade/persoa beneficiaria

5.1. O importe máximo do orzamento susceptible de ser subvencionado non poderá superar para cada **entidade beneficiaria** a contía de 3.000,00 € debendo axustarse, as persoas e entidades solicitantes, aos requisitos establecidos no obxecto desta convocatoria e os gastos a subvencionar estar comprendidos nos conceptos subvencionables especificados na base 7ª desta convocatoria.

5.2. As axudas son a fondo perdido e a súa finalidade é subvencionar **a cota** correspondente ao réxime especial de traballadores autónomos, calquera outro réxime especial por conta propia da seguridade social, ou de mutualidade de colexio profesional correspondente, **tomando como referencia a base mínima de cotización** (a cota non debe ter nin reducións nin bonificacións), **ata un máximo de 3.000 €.**

No caso dos/as traballadores/as de alta na mutualidade de colexio profesional, tomarase como base a subvencionar a mesma contía que a sinalada para o réxime especial de traballadores autónomos, no caso de que aquela excedera a contía desta última. En caso contrario, só se subvencionará a contía realmente abonada como cota na mutualidade correspondente.



Tanto no caso de ser o réxime especial de traballadores autónomos, calquera outro réxime especial por conta propia da seguridade social ou mutualidade do colexio profesional correspondente, entenderase como concepto “cota” a mensualidade (o importe devindicado no mes).

Poderán ser subvencionables, **ata un máximo das 10 últimas cotas**, consecutivas e inmediatamente anteriores á data de publicación da presente convocatoria, da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional presentadas, e **abonadas por todas e cada unha das persoas socias participantes da empresa (de ser o caso) de alta no réxime correspondente, sen que o importe máximo destas axudas poida superar os límites indicados no parágrafos anteriores pola empresa beneficiaria descrita na base 5ª.**

Ningunha destas cotas poden ter redución ou bonificación algunha.

Base 6.- Compatibilidade

Esta subvención é incompatible con calquera outra subvención, para o mesmo concepto, outorgada por outras institucións ou entidades, públicas ou privadas.

III. GASTOS SUBVENCIONABLES

Base 7.- Gastos subvencionables

7.1. Gastos subvencionables: Criterios xerais:

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza dos gastos sinalados na base 5ª, e se levaran a cabo no período sinalado na base 8ª.

En todo caso, debe acreditarse fehacientemente no correspondente xustificante de gasto que o mesmo está directamente relacionado coa actividade ou proxecto de que se trate.

Considérase gasto realizado o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que figura na Base 18.1.2. desta convocatoria.

7.2. Gastos non subvencionables:

Non poderán ser obxecto de subvención aqueles gastos que non se axusten aos conceptos recollidos nos apartados anteriores nin se correspondan co período fixado nas bases 5ª y 7ª desta convocatoria.

Neste sentido non poderán ser gasto subvencionable as cotas que foran obxecto de redución ou bonificación.



IV. REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Base 8.- Requisitos para obter a condición de beneficiaria

8.1. Poderán acceder á condición de persoa beneficiaria aquelas iniciativas empresariais emprendidas no ámbito deste concello, de carácter privado, validamente constituídos de xeito individual ou a través de microempresas e pequenas empresas **con personalidade xurídica**, independentemente da súa forma xurídica, que **á data de publicación da presente convocatoria teñan un mínimo de 2 anos de exercicio continuado da actividade e un máximo de 5 anos de exercicio continuado da actividade**.

Entenderase como data de inicio da actividade a correspondente ao alta no censo de obrigados tributarios (alta definitiva), e de ser o caso, referida esta a da sociedade (Declaración censal).

Para a definición de microempresas e pequenas empresas terase en conta o establecido no Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, de 17 de xuño de 2014.

8.2. Son requisitos esixibles ás entidades beneficiarias, que deberán estar cumpridos con anterioridade á data da proposta de concesión da subvención e manterse ao longo de todo o prazo de execución da actividade subvencionada, ademais dos previstos con carácter xeral no artigo 11 e 13 da Lei xeral de subvencións, os artigos 4 e 5 da Ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar e os especificamente fixados nos apartados anteriores, os seguintes:

- a) Que teñan sede social/fiscal no termo municipal da Coruña. En caso de desenvolver a súa actividade a través de establecemento permanente, que este se atope radicado no termo municipal da Coruña. En caso de que para o exercicio da actividade non se dispoña de establecemento permanente, que o seu domicilio fiscal estea dentro do termo municipal da Coruña.
- b) As empresas deben ter **un mínimo de 2 anos de exercicio continuado da actividade e un máximo de 5 anos de exercicio continuado da actividade á data de publicación da presente convocatoria**, entendendo como data de inicio de actividade a correspondente á alta no censo de obrigados tributarios (alta definitiva) e de ser o caso referida esta á da sociedade (declaración censal).
Non poderán ser beneficiarias as empresas que formen parte dun grupo empresarial.
- c) Estar dado de alta no Réxime especial de traballadores autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da seguridade social ou mutualidade do colexio profesional correspondente, e non contar con ningunha bonificación nin redución.
- d) Que teñan xustificada/as a/as subvencións anteriormente outorgada/s polo Concello da Coruña, agás que aínda non transcorrese o correspondente prazo de xustificación.



- e) Que se atopen ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, e fronte á Seguridade Social e co Concello da Coruña.

De conformidade co artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, o Concello da Coruña solicitará as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e o propio Concello da Coruña, para verificar o cumprimento deste apartado.

Con todo, a persoa solicitante ou o seu representante poderán opoñerse expresamente á consulta ou obtención da documentación sinalada, debendo neste caso, presentar a documentación acreditativa nos termos previstos regulamentariamente, achegando as certificacións acreditativas oportunas.

- f) Os demais contemplados na Ordenanza xeral de subvencións da área de Benestar do Concello da Coruña e na Lei xeral de subvencións e demais normas de aplicación.

V. PROCEDEMENTO: INICIACIÓN

Base 9.- Procedemento: Réxime e inicio

O procedemento de concesión das subvencións obxecto da presente convocatoria tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva axustándose ao disposto no art. 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión das axudas se realiza pola comprobación da concorrencia no solicitante dos requisitos establecidos, até o esgotamento do crédito orzamentario.

Con todo, no suposto de que o crédito dispoñible non fose suficiente, por superarse o importe máximo do mesmo, establecerase como criterio a orde de presentación das solicitudes no rexistro de entrada, e se coincidisen na mesma data a prelación virá determinada pola hora de presentación da solicitude.

Base 10.- Procedemento: Órgano instrutor e órgano competente para a resolución do procedemento

10.1. De acordo co establecido no artigo 15 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Área de Benestar, a instrución do procedemento de concesión corresponde á Xefatura do Departamento de Promoción Económica, que actuará en calidade de órgano instrutor segundo recolle o artigo 24 da Lei xeral de subvencións.



10.2. O órgano competente para a resolución será a/o concelleiro responsable da Área de Emprego e Economía Social por delegación da Xunta de Goberno Local.

Base 11.- Procedemento: Forma, documentación e prazo de presentación de solicitudes

11.1. Presentación de solicitudes de subvención

A solicitude de subvención presentárase na sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gob.es> no prazo **dun mes** contado a partir do día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Deberá presentarse debidamente cumprimentado no modelo oficial adxunto a esta convocatoria (Anexo S-0.).

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación da devandita convocatoria. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo termina o último día do mes.

Tamén poderán presentarse no Rexistro Xeral de Entrada do Concello da Coruña ou por calquera dos medios regulados no art. 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

11.2. Documentación das solicitudes de subvención

A solicitude de subvención deberá incluír a seguinte documentación:

- Solicitude que deberá de presentarse e cumprimentarse no modelo establecido que se achega (Anexo I), asinada pola/o interesado/a, e/ou representante da entidade.
- NIF da entidade e escrituras de constitución da mesma debidamente rexistradas de ser o caso.
- Poder do representante legal da entidade, no seu caso.
- NIF da persoa empresaria e, de ser o caso, do/da seu/súa representante legal.
- Documento de alta no censo de obrigados tributarios - modelo declaración censal (modelo 036 ou 037).
- Resolución de Recoñecemento de Alta no réxime especial de traballadores autónomos, en calquera outro réxime especial por conta propia da seguridade social, ou en mutualidade de colexio profesional correspondente.
- Informe actualizado da vida laboral de cada unha das persoas promotoras do proxecto empresarial, emitido pola Seguridade Social ou de ser o caso certificado da mutualidade do colexio profesional con indicación dos períodos do alta e sinalando se presupón ou non exercicio de actividade.



- Licenza de apertura e licenza de obras cando sexa necesario para o desenvolvemento da actividade ou, no seu caso, comunicación previa.
- No caso de opoñerse expresamente á consulta ou obtención polo Concello da Coruña de certificados acreditativos de estar ao corrente nas súas obrigacións tributarias coa Axencia Tributaria (AEAT), co Concello e fronte á Seguridade Social, o solicitante deberá presentar os ditos certificados.
- Declaración responsable de non estar incursos en ningún dos supostos de prohibición a que se refire o artigo 13 da Lei xeral de subvencións e o artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
- Modelo de alta ou modificación de datos de terceiros, onde figuren os datos bancarios en formato IBAN da conta pola que deben efectuar os pagos e os ingresos relacionados coa subvención. Anexo IV.
- Certificación das subvencións solicitadas e as que lle foron concedidas para a mesma finalidade, obxecto da solicitude de subvención, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional, mediante a cumprimentación do modelo Anexo II.
- Declaración responsable na que se faga constar que a empresa cumpre os criterios establecidos na base 8.1 conforme se inclúe na categoría de micro ou pequena empresa (Anexo I)

As beneficiarias da subvención virán obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e a aplicación dos fondos recibidos, polo que deberá acompañar a seguinte documentación xustificativa, xunto coa documentación da solicitude:

- Documento de xustificación da subvención conforme ao Anexo III.
- Relación numerada e ordenada cronoloxicamente dos gastos e pagos que xustifican a subvención conforme ao Anexo III aprobado con esta convocatoria (mensualidades das cotas aboadas).
- Certificado da Tesouraría Xeral da Seguridade Social das cotas de autónomos abonadas e/ou, no seu defecto, documentos xustificativos do pago das cotas establecidas na base 5ª, ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado no Anexo III, que acrediten a efectividade do seu pago. Se considerarán medios acreditados de pago: a transferencia bancaria, domiciliación bancaria, e os resgardos das operacións pagadas en efectivo cando estean debidamente cuñadas pola entidade, cando esta sexa un organismo oficial ou entidade bancaria.
Os documentos xustificativos do pago das cotas deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 6 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación.
As facturas orixinais deberán presentarse estampilladas ou seladas pola entidade, indicando a procedencia do financiamento, así como a porcentaxe da subvención do Concello da Coruña que se imputa ás mesmas, para dar cumprimento ao artigo 73 do Regulamento de Lei xeral de subvencións, en relación coa validación e estampillado de xustificantes de gasto. Nesta dilixencia farase constar que a factura foi utilizada



como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención do Concello da Coruña.

Por tanto, no caso de presentar fotocopias antes de facer a fotocopia deberá estenderse no orixinal da factura a dilixencia indicada no parágrafo anterior, da forma en que se indica no mesmo.

11.3. Aclaracións adicionais sobre a documentación das solicitudes de subvención

11.3.1. No caso de que os documentos esixidos xa estivesen en poder de calquera órgano do Concello da Coruña, o solicitante poderá acollerse ao establecido no artigo 53.1.d) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou, no seu caso, emitido, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan.

No suposto de imposibilidade material de obter algún dos documentos, o órgano competente poderá requirir ao solicitante ou ao seu representante, a presentación do devandito documento ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o mesmo, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

11.3.2. Os documentos normalizados sinalados como "anexos" nesta convocatoria son de presentación obrigatoria e poderán ser ampliados polos solicitantes achegando a documentación que consideren oportuna para a mellor valoración das súas solicitudes.

11.4.. Acreditación do pago efectivo de cada un dos gastos

11.4.1. Só se considera gasto realizado o que foi efectivamente pagado.

11.4.2. A forma de acreditar a realización do pago dos gastos será a presentación do documento acreditativo de transferencia bancaria ou a domiciliación bancaria dos gastos, debendo acompañar á factura o xustificante de pago bancario (cartilla, extracto bancario, debo ou movemento bancario, orde de transferencia e/ou xustificante de ingreso efectivo na conta bancaria do organismo que corresponda).

11.5. Información estatística adicional

No caso de que o Concello da Coruña o solicite, as persoas/entidades beneficiarias das subvencións deberán achegar a información estatística que se lles requira sobre os resultados das actividades ou proxectos subvencionados. Estes datos poderán versar sobre os indicadores de avaliación que estableza o Concello da Coruña, para ese efecto.

11.6. Requirimento por falta de presentación da xustificación

De acordo co establecido no artigo 70.3 do Regulamento xeral de subvencións, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse a mesma ante o órgano administrativo competente, este requirirá á beneficiaria para que no prazo improrrogable de quince días



sexa presentada para os efectos previstos. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de subvencións.

VI. PROCEDEMENTO: INSTRUCIÓN

Base 12.- Procedemento: Instrución

12.1. A instrución do procedemento de concesión de subvencións corresponde ao órgano que se indica na Base 10.

12.2. O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

12.3. De acordo co establecido no artigo 24.3 da Lei xeral de subvencións, as actividades de instrución comprenderán as que se indican a continuación:

- a) Petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos por esta convocatoria específica e as demais normas que regulan esta subvención.
- b) Comprobación e exame do grao de cumprimento dos requisitos esixidos para a concesión desta subvención das solicitudes presentadas.

12.4. Se a solicitude de subvención e os documentos de xustificación non reúnen os requisitos establecidos por esta convocatoria, incluído o defecto, erro ou ausencia nos datos da solicitude e/ou na documentación presentada, o órgano instrutor requirirá á interesada para que emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días hábiles, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

12.5. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución, poderase requirir á entidade que achegue a información e documentación aclaratoria e complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación, e comprobación da solicitude presentada.

12.6. Unha vez examinadas as solicitudes, a Mesa de Avaliación que indica na Base 13.3 seguinte, deberá emitir informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada. A continuación, o órgano instrutor, á vista do expediente e do informe do órgano colexiado, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada.



Base 13.- Procedemento de concesión: Criterios de valoración das subvencións e Mesa de avaliación de subvencións

13.1. Determinación da contía da subvención

Ata esgotar o crédito dispoñible, a contía da subvención resultante virá determinada polo sinalado nas bases 5ª, 6ª e 7ª da convocatoria.

En ningún caso a contía da subvención poderá superar o máximo subvencionable segundo o establecido na base 5ª.

No suposto de esgotar o crédito dispoñible, o resto das solicitudes consideradas subvencionables quedarán en reserva para ser atendidas en caso de producirse algunha renuncia ou de producirse un incremento do crédito inicialmente dispoñible. Para estes efectos, poderanse realizar sucesivas propostas de resolución.

13.2. Mesa de Avaliación

13.2.1. As solicitudes de subvención presentadas serán examinadas por unha Mesa de Avaliación nomeada polo/a concelleiro da Área de Goberno de Empresa e Economía Social e estará composta polos seguintes membros:

- Presidente/a: Un/ha funcionario/a de carreira municipal pertencente ao subgrupo A1 e adscrito/a ao Servizo responsable da convocatoria.
- Vogais: Dous/Dúas técnicos/as municipais pertencentes ao subgrupo A1/A2 e adscritos/as ao Servizo responsable da convocatoria.
- Secretaria/o: Un/ha funcionario/a de carreira pertencente ao subgrupo A1, A2, C1 ou C2 e adscrito/a ao Servizo responsable da convocatoria.

13.2.2. No caso de ausencia dalgunha das persoas que integran a Mesa de Avaliación, será substituída pola persoa funcionaria designada polo/a concelleiro titular da Área de Goberno de Emprego e Economía Social.

13.2.3. A Mesa de Avaliación, a través do órgano instrutor, poderá requirir ás persoas solicitantes de subvención, a información ou documentación adicional aclaratoria que, non estando en poder da administración municipal, teña fundamental relevancia e relación directa para unha mellor valoración das solicitudes.

Base 14.- Procedemento de concesión: Proposta de resolución provisional, trámite de alegacións e reformulación, proposta de resolución definitiva, aceptación e resolución definitiva das subvencións

14.1. O órgano instrutor á vista do expediente e do informe da mesa de avaliación, formulará **proposta de resolución provisional**, debidamente motivada, que deberá notificarse ás persoas interesadas mediante anuncio público na data seguinte á da súa aprobación polo órgano competente, nos seguintes taboleiros e lugares de difusión:



Taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello da Coruña

(<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>)

Tras esta publicación concederáse aos solicitantes un prazo de dez días hábiles para presentar alegacións.

Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polas persoas interesadas. Neste caso, a proposta de resolución formulada terá o carácter de definitiva.

14.2 Examinadas as alegacións aducidas, formularase a **proposta de resolución definitiva** polo órgano instructor, que deberá expresar o solicitante ou relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía.

O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instructor no que conste que da información que obra no seu poder despréndese que as persoas beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas.

14.3 A proposta de resolución definitiva, publicarase/notificarase ás persoas interesadas que foran propostas como beneficiarias na fase de instrución, para que no prazo de dez días comuniquen a súa **aceptación** ou renuncia ao órgano instructor. Transcorrido este prazo sen producirse a aceptación expresa, a subvención entenderase tacitamente aceptada.

As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito algún a prol da persoa/empresa beneficiaria proposta, fronte á Administración, mentres non se lle notificara a resolución da concesión.

VII. PROCEDIMENTO: RESOLUCIÓN

Base 15.1 Resolución

Á vista das subvencións que constan na proposta de resolución definitiva e que foron aceptadas, o órgano competente resolverá o procedemento.

O acordo de resolución da convocatoria incluírá ademais do solicitante ou relación de solicitantes aos que se lles concede a subvención, no seu caso, de maneira expresa, unha relación ordenada – segundo a orde de entrada - de todas as solicitudes que, cumprindo coas condicións administrativas e técnicas establecidas nas bases reguladoras e a convocatoria específica para adquirir a condición de beneficiarias, non sexan estimadas por pasarse a contía máxima do crédito fixado na convocatoria.

Se se renunciase á subvención por algunha das persoas beneficiarias, o órgano concedente acordará, sen necesidade de nova convocatoria, a concesión de subvención á solicitante ou solicitantes seguintes a aquel segundo a orde de entrada, sempre que coas renuncias existentes se liberase crédito suficiente.



15.2 Notificación da resolución

A resolución do procedemento notificarase ás persoas interesadas de acordo co previsto no artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo máximo de resolución e notificación/publicación da concesión das subvencións é de seis meses, contados a partir da data de publicación da convocatoria. O período utilizado para a corrección de deficiencias, achega de documentos e reformulación de solicitudes interromperá devandito prazo, ao amparo do artigo 22.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O vencemento do devandito prazo máximo sen notificar/publicar a resolución, lexítima ás persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a súa solicitude de concesión da subvención.

A concesión de subvención non xera dereito algún á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Base 16.- Recursos procedentes contra a resolución do procedemento

16.1 A resolución do procedemento porá fin á vía administrativa.

16.2 Contra a dita resolución caberá a interposición de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Con todo, as persoas interesadas poderán, con carácter potestativo, presentar recurso de reposición ante o propio órgano que ditou a resolución no prazo dun mes. Nese caso o prazo para a presentación do recurso contencioso administrativo comezará a contar desde a notificación da resolución expresa do recurso. No caso de desestimación presunta, que se producirá se no prazo dun mes non se resolveu o recurso de reposición interposto (art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas), a interposición do recurso contencioso-administrativo non se suxeita a prazo de caducidade (Sentencia do Pleno do TC STC 52/2014, do 10 de abril).

VIII. OBRIGACIÓNS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Base 17.- Obrigacións das persoas beneficiarias

De acordo co establecido no artigo 14 da Lei xeral de subvencións e no artigo 34 da Ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña, as beneficiarias das subvención obxecto desta convocatoria estarán obrigadas a:

- a) Cumprir a finalidade e os obxectivos que fundamentan a concesión da subvención.
- b) Empregar os fondos percibidos nos fins e a finalidade para os que foron outorgados.
- c) Xustificar debidamente a cantidade percibida.



- d) Comunicar por escrito e motivadamente no prazo máximo dun mes desde a notificación/publicación da concesión da subvención calquera modificación dos datos identificativos do proxecto ou dos aspectos substanciais dos obxectivos do mesmo, para a súa aprobación.
- e) Proporcionar ao Departamento xestor e instrutor do expediente a información funcional, económica e estatística que se lle requira a efectos de seguimento, avaliación e planificación.
- f) Facilitar a verificación do cumprimento da finalidade e requisitos obxecto de subvención, a calquera responsable da xestión e/ou instrución do procedemento a través dos medios que se consideren máis adecuados.
- g) Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración Pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as actividades ou proxectos subvencionados. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- h) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- i) Reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.
- j) Someterse ás actuacións de verificación económica e técnica necesarias a realizar polo Concello de A Coruña para comprobar o cumprimento da lexislación española e ao mesmo tempo calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando a información requirida (artigo 14.1.c) da Lei xeral de subvencións).
- k) As demais obrigas impostas pola Ordenanza xeral de subvencións da área de Benestar do Concello da Coruña, pola Lei xeral de subvencións e polas demais normas reguladoras da materia.

X. PAGO DAS SUBVENCÍONS

Base 18.- Pago das subvencións

18.1. De acordo co establecido no artigo 34 da Lei xeral de subvencións e no artigo 38 da Ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña, o pago da subvención concedida realizarase mediante un pago único, previa comprobación de que a documentación xustificativa presentada (tendo en conta que ésta xa deberá formar parte da documentación que acompaña a solicitude) é a correcta de conformidade co obxecto da subvención.

De ser o caso poderá requirírselle para que acredite o certificado actualizado de estar ao corrente nas obrigacións tributarias e fronte a Seguridade Social se ten rematado o prazo de validez de seis meses do presentado coa documentación aportada.

18.2. O pago realizarase mediante ingreso na conta bancaria indicada pola beneficiaria na solicitude de subvención.



XI. REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS

Base 19.- Reintegro das subvencións concedidas

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención concedida no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas de reintegro previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións e o artigo 45 da Ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña. Nos casos en que proceda, aplicarase o reintegro parcial, a porcentaxe de incumprimento que se establece no artigo 46 da anterior ordenanza.

Base 20.- Causas do reintegro das subvencións concedidas

20.1. O Concello da Coruña obrigará ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e á esixencia do xuro legal do diñeiro que resulte de aplicación desde o momento do abono da subvención ata a data do reintegro, nos seguintes supostos, ademais dos casos indicados no apartado anterior:

- a) Incumprimento total ou parcial dos obxectivos que fundamentan a concesión da subvención.
- b) Incumprimento total ou parcial da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente nos termos establecidos no artigo 30 da Lei xeral de subvencións.
- c) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 18.4 da Lei xeral de subvencións.
- d) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da Lei xeral de subvencións, así como o incumprimento das obrigacións contables, rexistrais ou de conservación de documentos, nos termos que se establecen no artigo 45.5º da Ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña.
- e) Incumprimento das obrigas establecidas con motivo da concesión da subvención.
- f) Calquera outra causa das previstas nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, nos artigos 74 a 76 inclusive do Regulamento Xeral para a aplicación da citada lei e no artigo 45 de a Ordenanza xeral de subvencións da área de Benestar do Concello da Coruña.

20.2. Así mesmo, procederase ao reintegro do exceso nos supostos en que, por concesión de subvencións ou axudas doutras Administracións públicas, entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, a contía das subvencións ou axudas supere o custo total da actividade ou proxecto de que se trate.

20.3. O procedemento para o reintegro será o establecido polos artigos 41 e 42 da Lei xeral de subvencións e 91 e seguintes do Regulamento xeral de subvencións.



XII. BASES FINAIS

Base 21.- Información ás entidades ou agrupacións interesadas

Sobre o procedemento administrativo correspondente a esta convocatoria, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gob.es>, e no Departamento de Promoción Económica e Comercio sito no ACCEDE PAPAGAIO, rúa Hospital, nº 19, CP 15002 de A Coruña, de forma presencial ou nos teléfonos 981 184 200 a través da páxina web oficial municipal: <https://www.coruna.es>, e/ou na dirección electrónica concejalía.empresa@coruna.es.

Base 22.- Protección de datos de carácter persoal

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, de 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta convocatoria de subvencións, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento, sendo o órgano responsable do mesmo o Concello da Coruña.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer ante o Concello da Coruña, nos termos establecidos nos artigos 15, 16 e 17 da citada Lei, a través da na Sede electrónica do Concello da Coruña:

<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/tramites;jsessionid=61A9B72F447B438E39A3ADD6D951982A?method=enter#I62>

Base 23.- Publicidade das subvencións no Portal da Transparencia

De conformidade co artigo 8.1 c) da Lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as subvencións e axudas públicas concedidas con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e persoas beneficiarias será obxecto de publicación no Portal da Transparencia do Concello da Coruña <http://www.coruna.gal/transparencia/es/claridad-en-la-gestion/subvenciones-y-ayudas>.



Actividade económica
Exercicio 2018

ANEXO I - SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

MODELO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O APOIO Á CONSOLIDACIÓN DE EMPRESAS DO MUNICIPIO DA CORUÑA, EXERCICIO 2018

DATOS DA ENTIDADE/PERSOA SOLICITANTE:			
Denominación ou razón social:			
NIF:		Domicilio fiscal/social:	
Domicilio local comercial:			
Localidade:		Provincia:	Cód. Postal:
Tf1:	Tf2:	Correo-e ⁽¹⁾ :	
Dirección WEB:		Data de constitución (Alta censal):	
(1) Dirección de correo electrónico (correo-e) da entidade solicitante para comunicacións de trámite e requirimento de documentación.			
DATOS DAS PERSOAS PROMOTORAS:			
Nome e apelidos:			DNI/NIE:
En calidade de ou cargo directivo:			Tf. Móbil:
Nome e apelidos:			DNI/NIE:
En calidade de ou cargo directivo:			Tf. Móbil:
Nome e apelidos:			DNI/NIE:
En calidade de ou cargo directivo:			Tf. Móbil:
DATOS DA PERSOA DE CONTACTO PARA TRÁMITES ADMINISTRATIVOS ⁽²⁾:			
Nome e apelidos:			DNI/NIE:
En calidade de:			Tf. Móbil:
⁽²⁾ Cumprimentar só en caso de que a persoa de contacto sexa distinta do representante legal anterior.			

(*) De conformidade co establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (en adiante LOPDCP), infórmase de que os datos declarados neste formulario de solicitude e os seus anexos pasarán a formar parte do ficheiro denominado OPENCERTIAC, cuxo responsable de tratamento é o Concello da Coruña, e cuxa FINALIDADE e uso previstos serán os seguintes: realizar a automatización do Procedemento Administrativo Común. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer ante o Rexistro Xeral do Concello da Coruña (Pza. de María Pita, nº 1, 15001, A Coruña), nos termos establecidos nos artigos 15, 16 e 17 da LOPDCP.



Vista a convocatoria de subvencións destinadas ao apoio á consolidación de empresas do municipio da Coruña de data

SOLICITA:

- Que sexa admitida a trámite a solicitude de subvención para o apoio á consolidación de empresas do municipio da Coruña.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA a esta solicitude:

***Toda a documentación sinalada neste apartado ten carácter OBLIGATORIO.**

Marque cun [X] a documentación que se presente no formato que se indica ou mediante a cumprimentación obrigatoria do anexo indicado en cada apartado.

- NIF da entidade
- Escrituras de constitución da entidade debidamente rexistradas de ser o caso.
- NIF da persoa empresaria e, de ser o caso, do/da seu/súa representante legal.
- Documentación que acredite a representación, se procede.
- Documento de alta no censo de obrigados tributarios - modelo declaración censal (modelo 036 ou 037); da entidade e dos promotores de ser o caso).
- Resolución de Recoñecemento de Alta no réxime especial de traballadores autónomos, en calquera outro réxime especial por **conta** propia da seguridade social, ou en mutualidade de colexio profesional correspondente.
- Licenza de apertura e licenza de obras cando sexa necesario para o desenvolvemento da actividade ou, no seu caso, comunicación previa.
- Declaración responsable de non estar incurso en ningún dos supostos de prohibición a que se refire o artigo 13 da Lei xeral de subvencións. (Anexo 1)
- Modelo de alta ou modificación de datos de terceiros, onde figuren os datos bancarios en formato IBAN da conta pola que deben efectuar os pagos e os ingresos relacionados coa subvención. Anexo IV.
- Certificación das subvencións solicitadas e as que lle foron concedidas para a mesma finalidade, obxecto da solicitude de subvención, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional, mediante a cumprimentación do modelo Anexo 2.
- Declaración responsable na que se faga constar que a beneficiaria cumpre os criterios establecidos na base 8.1 conforme se inclúe na categoría de micro ou pequena empresa (Anexo 1)
- Certificación da titularidade da conta bancaria a nome da entidade/persoa beneficiaria, segundo corresponda, con referencia ao IBAN.

Número de conta bancaria da entidade :

IBAN (24 díxitos):

- Informe actualizado da vida laboral de cada unha das persoas promotoras do proxecto empresarial emitido pola Seguridade Social ou de ser o caso certificado da mutualidade do colexio profesional con indicación dos períodos da alta e sinalando se presupón ou non exercicio de actividade.
- Certificacións acreditativas de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria (AEAT), o Concello da Coruña e fronte á Seguridade Social, no caso de opoñerse expresamente á consulta ou obtención polo Concello da Coruña.



As beneficiarias das subvencións virán obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas, polo que deberá acompañar a seguinte documentación xustificativa, xunto coa documentación da solicitude:

- Documento de xustificación da subvención conforme ao Anexo 3.
- Relación numerada e ordenada cronoloxicamente dos gastos e pagos que xustifican a subvención conforme ao Anexo 3 aprobado con esta convocatoria (mensualidades das cotas abonadas).
- Certificado da Tesourería Xeral da Seguridade Social das cotas de autónomos abonadas e/ou, no seu defecto, documentos xustificativos do pago das cotas establecidas na base 5ª, ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado no Anexo 3, que acrediten a efectividade do seu pago.
Consideraranse medios acreditados de pago: a transferencia bancaria, domiciliación bancaria, e os resgardos das operacións pagadas en efectivo cando estean debidamente cuñadas pola entidade, cando esta sexa un organismo oficial ou entidade bancaria.

DECLARO:

Que a persoa/entidade solicitante: [Marcar cun [X] as casillas oportunas]

- No está incurso en ningún dos supostos de prohibición que para ser beneficiaria se establecen no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Comunicará aquelas subvencións concedidas e/ou percibidas con data posterior á presentación desta solicitude.
- Cumpre cos requisitos legais para a consideración de micro ou pequena empresa.

Finalmente, **AUTORIZO** ao Concello da Coruña, a través do Servizo competente na Concellaría de Emprego e Economía Social, para que poida:

- Comprobar polos medios que estime oportunos, os datos de carácter fiscal que obren nas bases ou ficheiros de datos do Concello da Coruña.
- Obter de forma directa os certificados acreditativos de que o solicitante está ao corrente das súas obrigas tributarias que deba emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e co propio Concello da Coruña, coa FINALIDADE de realizar a tramitación, o recoñecemento, seguimento e control desta solicitude.

A Coruña, de de 2018

Sinatura da persoa representante:

O/a representante da empresa

[Selo da empresa]

Asdo. D./Dª:

DNI/NIE:

[Indicar nome e apelidos e DNI/NIE]



Actividade económica
Exercicio 2018

ANEXO II – CERTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN SOLICITADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE

DATOS DA ENTIDADE/PERSOA SOLICITANTE:			
Denominación ou razón social:			
NIF:	Domicilio fiscal/social:		
Localidade:	Provincia:	Cód. Postal:	
DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE:			
Nome e apelidos:			DNI/NIE:

En calidade de REPRESENTANTE da entidade que se indica e en relación coa convocatoria específica para a concesión de subvencións destinadas ao apoio á consolidación de empresas do municipio da Coruña;

CERTIFICA:

Que en relación con outras axudas ou subvencións concedidas ou solicitadas e/ou percibidas e ingresos obtidos e/ou previstos para o obxecto da solicitude de subvención por esta entidade para esta convocatoria, cuxos datos se indican no cadro seguinte, e procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, ademais das reguladas nesta convocatoria, son as seguintes: (marque cun [X] o que proceda)

- Ningunha outra axuda ou subvención e/ou ingreso.
- Outras axudas, subvencións e/ou ingresos previstos:

Obxecto da solicitude de subvención	Importe da axuda ou subvención (€)	S/C/P ⁽¹⁾	Administración ou entidade pública concedente e normativa reguladora ⁽²⁾
1:			
2:			
3:			
4:			
5:			

⁽¹⁾ Indíquese o que corresponda: [S] Solicitada, [C] Concedida ou [P] Percibida

⁽²⁾ Indicar a data de publicación da normativa reguladora da subvención en diario ou boletín oficial.

E comprométese a comunicar aquelas concedidas e/ou percibidas con data posterior á presentación desta solicitude.

E para que conste e forneza os efectos conseguintes, expide a presente certificación no lugar e data que se indican a continuación.

A Coruña, de de 2018

Sinatura da persoa representante:

O/a representante da empresa

Asdo. D./D^a:

DNI/NIE:

[Selo da empresa]

[Indicar nome e apelidos e DNI/NIE]



Actividade económica
Exercicio 2018

ANEXO III – RELACIÓN DE GASTOS

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE:			
Denominación ou razón social:			
NIF:		Domicilio social:	
Localidade:			Provincia:
Cód. Postal:			
Tf:		Fax:	
Correo electrónico:			
Dirección WEB:			
DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE SOLICITANTE:			
Nome e apelidos:			DNI/NIF:
En calidade do cargo directivo:			

En relación coa convocatoria específica para a concesión de subvencións para o apoio á consolidación de empresas do municipio da Coruña;

ACHEGA a seguinte relación dos gastos admitidos pola presente convocatoria específica de subvencións para o apoio á consolidación de empresas do municipio da Coruña, (Bases 5ª e 8ª):

GASTOS SOLICITADOS (COTAS)					
PERSOA DE ALTA EN RETA:		NOME APELIDOS			
Nº ORDEN	MES/ANO	COTA ABONADA	DATA DE PAGO	IMPORTE SOLICITADO	OBSERVACIÓNS
1					
2					
3					
4					
5					



6					
7					
8					
9					
10					
				euros	

GASTOS SOLICITADOS (COTAS)					
PERSONA DE ALTA EN RETA:		NOME APELIDOS			
Nº ORDEN	MES/ANO	CUOTA ABONADA	DATA DE PAGO	IMPORTE SOLICITADO	OBSERVACIÓNS
1					
2					
3					
4					
5					
6					
7					
8					
9					



10					
				euros	

Lugar e data:

, de de 2018.

O/a Representante da entidade

[Selo da entidade]

Asdo. D./D^a:

DNI/NIE:

[Indicar nome e apelidos e DNI/NIE]